

Vedra medra comeza as saídas á contorna

Vedra medra iniciou hoxe as actuacións fóra do centro educativo co alumnado e o profesorado de 6.º de educación primaria cun achegamento ao río Ulla.

A saída didáctica articulouse seguindo dous centros de interese: a pesca fluvial tradicional e o paso en barca de persoas e mercadorías.

O percorrido levounos dende Cubelas pola ribeira do río ata Ximonde.

No camiño visitamos o Centro de Interpretación e Estación Ictiolóxica de Cría e Reprodución do Salmón onde os gardas nos explicaron o proceso de reposición do salmón. E tamén o Museo da Pesca de Casa Suárez onde descubrimos as artes e os aparellos usados antano na pesca no Ulla, a través da exposición de obxectos, coa axuda de fotografías e paneis informativos.

Actuou de guía o seu propietario, o señor Manuel, un afamado pescador e gran coñecedor do río.

O río Ulla está presente en varios nomes tradicionais de lugar ao longo do seu percorrido: Antas de Ulla (no seu nacemento), A Ulloa (no curso alto), e, ao seu paso por Vedra, déixase ver na Ponte Ulla e en Ribadulla.

Na aula fomos descubrindo estas curiosidades toponímicas e marcando os obxectivos para esta xornada. O primeiro, revisar os nomes ligados á ribeira e ao río, isto é, os dos postos de pescadores, os pozos fluviaais... O segundo, reparar nos nomes das pontes, pontellas ou pasais e puntos de embarque.

Este traballo coa toponimia a partir do achegamento e o coñecemento do territorio complementouse coa elaboración dun caderniño de campo e a realización de distintos xogos en repasaron a flora e a fauna da zona.

Vedra medra comeza o seu labor con educación primaria e faino cun logotipo específico para os cativos que deseñamos como parte do proxecto e que dende agora nos acompañará cada vez que os máis pequenos do centro educativo sexan os protagonistas.

